

Liñas xerais do plan de actuación para garantir a atención virtual ao alumnado vulnerable

- Desde o centro asegurase a atención ao alumnado en situación de especial vulnerabilidade na modalidade de ensino virtual, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos da atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, por altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar que se atope nunha situación de ensino, mediante a elaboración de plans individualizados que garantan este apoio, no caso de producirse un escenario de aulas non presenciais.
- O deseño e coordinación do plan específico de actuación e adaptase ao horario de atención, a participación do profesorado que realiza tarefas de apoio pola súa dispoñibilidade horaria.
- Desde o centro realizaranse sesións de información, formación, e de práctica coas familias e con este alumnado, para favorecer o uso de plataformas dixitais como Edixgal para a ESO e a aula Virtual para Bacharelato e ciclos formativos de FP, na medida das súas posibilidades e para lograr "a máxima normalización".
- Na elaboración do documento, deseñase a docencia en liña, a través da plataforma Webex, atendendo á temporalidade e acordando as ferramentas que se van a empregar. Deste xeito, planifícase un horario de atención con períodos de descanso entre conexións, e coa necesaria implicación dos familiares.

- Nas sesións de pedagogía terapéutica, realizarase a atención posible coa colaboración das propias familias. Tamén se identificarán os recursos necesarios para garantir este ensino virtual no caso de que sexa necesario trasladalo ao fogar do alumno, así como o proceso para levalo a cabo.
- Neste plan adecuaranse as programacións didácticas e ACS, á consecución de competencias clave en todas as materias, e teranse en conta tarefas e proxectos que inclúan o maior número de materias.
- Os equipos docentes de cada grupo ou aula celebrarán reunións de coordinación nas que se atenderán a diferentes aspectos, como pautas para o desenvolvemento de tarefas, axustar tempos, compartir información sobre a valoración e necesidades para realizar un seguimento, redes naturais de apoio mediante traballo en parellas e grupos pequenos e coordinación para evitar sobrecarga de tarefas.
- Desde o departamento de orientación coordinaranse os aspectos relativos a:
 - Realización dun seguimento continuo e constante do alumnado NEAE, en canto a conexións a internet e dispositivos que poidan ter na casa.
 - Asesoramento sobre as medidas de atención á diversidade, organizativas, metodolóxicas e seguimento das ACS, nos PMAR de 2º e de 3º de ESO, na FPB, nos programas de ARCO e PROA+.
 - Atención e asesoramento sobre o benestar emocional da comunidade educativa.
 - Favorecemento do apoio emocional ás familias do alumnado NEAE.
 - Seguimento do alumnado en coordinación cos equipos docentes evitando o risco de abandono escolar.
 - Asesoramento en canto aos protocolos educativos de atención á diversidade.
 - Adaptación ao horario de atención do alumnado do profesorado especialista en PT, contemplando de xeito explícito o horario de

intervención co alumnado NEAE, dentro ou fóra da aula de cara ao apoio directo de xeito telemático, telefónico ou a través das plataformas Edixgal, aula virtual e Webex.

- o Coordinación do apoio e da intervención educativa tanto de profesionais externos como do profesorado de PT.
- o Seguimento continuo permanente e constante do alumnado con NEAE.